

[Portada](#) | [Portada en PDF](#) | [Hemeroteca](#)

HOXE

[Vivir Hoxe Galicia](#)
[Vivir Hoxe Sociedade](#)
[Política Galicia](#)
[Política Mundo](#)
[Deportes](#)
[Maré](#)
[En rede](#)
[Comunicación](#)
[A Contra](#)
[Opinión](#)

 Foro galego
do emprendemento

Galicia busca ser unha locomotora no I+D+i de Europa

O medo ó fracaso lastra os nosos emprendedores

Á caza dos maiores investidores mundiais

Hemeroteca



E-ADMINISTRACIÓN

As TIC, un bo aliado para crear empresas

07.11.2006 Xunto a Galicia, participan en Ichnos expertos de Vysocina (República de Italia), desenvolvendo unha experiencia piloto que será real en Italia o ano pr toda Europa", destacou onte o director xeral de I+D+i da Xunta, Salustiano Ma en Galicia haberá "unha proposta" para o implantar na administración autonón

H.N. . SANTIAGO . FOTO: NEIRA

Aínda que nos últimos anos xurdiron fórmulas para axilizar a creación de pequenas e medianas empresas, os trámites para as pór en marcha absorben aínda "entre un 20% e un 30%" do tempo necesario para pór en marcha un proxecto, explicaba onte en Santiago Ramón Basanta, responsable da participación galega no proxecto europeo Ichnos a través do Centro de Competencias en Comercio Electrónico, entidade dependente do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga).

En Ichnos analízanse as posibilidades de emprego das novas tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) para axilizar a creación de empresas a través de ventanillas únicas -Single Contact Point ou SCP- para todos os trámites burocráticos, evitando desprazamentos, custos e esperas innecesarias, como suxire a directiva europea Bolkestein, que é aínda unha proposta pero que se agarda que se aprobe ó longo do ano 2007. Esta directiva implica a posta en marcha de puntos de acceso único de forma xeralizada nos países da Unión Europea no prazo a súa entrada en vigor, e supón que os trámites para comezar unha actividade em realizar con facilidade e por vía electrónica -internet- ante eses portelos únicos e as competentes.

Ramón Basanta, que presentou onte o primeiro monográfico con conclusións do proceso de ventanillas únicas empresariais en Europa, dixo que fronte a "semanas, ou meses" que ocupa a constitución dunha empresa, o uso das TIC podería reducir este tempo a só un día.

Xunto a Galicia, participan en Ichnos expertos de Vysocina (República Checa) e Sa desenvolvendo unha experiencia piloto que será real en Italia o ano próximo e "mo destacou onte o director xeral de I+D+i da Xunta, Salustiano Mato, quen apuntou q "unha proposta" para o implantar na administración autonómica.

En Galicia existen 22 puntos de atención onde se xestiona a posta en marcha de empresas como a Sociedade Limitada Nova Empresa, que require trámites máis sinxelos e máis necesarios para fundar unha sociedade mercantil tradicional. Un 22,96% das SLNE e

Clara demanda de axilización dos procesos burocráticos

Máis aínda: en 2005 as pequenas e medianas empresas representaban un 99% das rexistradas en Galicia, o que amosa que facer máis sinxela a posta en funcionamento un grande apoio para o tecido empresarial da comunidade, pois como resumiu Ramón Basanta "unha clara demanda de sistemas que axilicen a creación de empresas".



Ramón Basanta, esquerda, e presentaron onte no Club Intelectual de Santiago a publicación mo as primeiras conclusións do proceso de ventanillas únicas empresariais en Europa, dixo que fronte a "semanas, ou meses" que ocupa a constitución dunha empresa, o uso das TIC podería reducir este tempo a só un día.
FOTO: Neira

No conxunto da Unión Europea operan na actualidade ó redor de 23 millóns de pe empresas, que xeran 75 millóns de empregos e que representan un 99% do tecido porcentaxe similar á do caso galego.

O 15 de febreiro do 2007 abordaranse en Santiago nunha conferencia internacional Ichnos. Máis información sobre a participación galega neste proxecto europeo pode www.e-negociogalicia.com/cooperacion/ichnos.

Escribe o teu comentario

Nome

Título

Comentario

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a le



Ante calquera dúbida, comentario ou problema nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.
Titularidade e política de privacidade

© 2006 www.galicia-hoxe.com
Tódolos dereitos reservados. Toda a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do titular dos dereitos quedan expresamente prohibidas.